

**CONVENIO DE COLABORACION PARA A CELEBRACION DA EXPOSICIÓN
“GALICIA UNIVERSAL. A ARTE GALEGA NAS COLECCIÓN ABANCA E
AFUNDACIÓN” NO MUSEO CENTRO GAIÁS DA CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
DESDE 16 DE MARZO A 14 DE OUTUBRO DE 2018**

En Santiago de Compostela, a 25 de xaneiro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte,

FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA (en diante “FUNDACION CIDADE DA CULTURA”), con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela (A Coruña), Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G-15721640. Constituída o día 27 de decembro de 1999, ante o Notario do Ilustre Colexio de Don, con número de Protocolo. A Fundación está inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 73.

Está representada neste acto por D^a Ana Isabel Vázquez Reboredo, na súa condición de Directora Xerente, conforme aos poderes outorgados ao efecto polo Padroado da Fundación na sesión do 16 de decembro de 2016, e poder escriturado ante o notario do Ilustre Colexio de don, en data de 19 de decembro de 2016 con número de Protocolo.

E doutra parte,

ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (en diante, “ABANCA”), con domicilio social en Betanzos (A Coruña), Rúa Cantón Claudino Pita, nº 2 e provista do Número de Identificación Fiscal, constituída mediante escritura outorgada o día 14 de setembro de 2011, ante o Notario D. baixo o número de protocolo na provincia de A Coruña, e inscrita no Rexistro Mercantil de A Coruña, ao tomo da Sección Xeneral, folio, folla, inscripción, e,

FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL (en diante a “AFUNDACIÓN”), con domicilio social en Cantón Grande, número 8 de A Coruña, e provista do NIF; constituída consonte á escritura outorgada o día 3 de decembro de 2013, ante o Notario do Ilustre Colexio de, don Isidoro, baixo o número de protocolo. A Fundación está inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese galego, sección da Consellería de Facenda, co número 2013/12.

Ambas entidades representadas neste acto por D., na súa condición de de ABANCA conforme a escritura de outorgamento de poderes formalizada ante o Notario do Ilustre Colexio de, D. o co seu número de protocolo, e na súa condición de Presidente de AFUNDACION conforme á escritura de outorgamento de poderes formalizada ante o Notario do mesmo colexio D. o, co seu número de protocolo.

As partes, recoñecendo mutuamente a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente contrato

EXPOÑEN

1. Que a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA** foi constituída o día 27 de decembro de 1999, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro,

cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución.

Mediante a Orde da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a Fundación Cidade da Cultura de Galicia como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta entidade co número 73.

O obxecto da Fundación, en diante, tamén a Fundación, céntrase na creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúan un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio á interacción cultural.

A Fundación promove aquelas actuacións que se consideren necesarias para dinamizar o sistema cultural galego, promovendo a difusión e conservación da cultura galega, e a formación dunha comunidade artística vibrante, atendendo tanto a autores de referencia como a novos talentos ou á cultura de base.

Para a consecución dos fins mencionados no apartado anterior, a fundación pode realizar, entre outras, as seguintes actividades:

- a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.
- b) As que contribúan a desempeñar un papel destacado no proceso de enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía, con especial énfase na adopción e uso das novas tecnoloxías.
- c) As que fomenten a interrelación e os proxectos en conxunto entre axentes de distintos ámbitos das industrias culturais e creativas, con especial énfase na cooperación interrexional e a colaboración pública e privada.

2. Que **ABANCA** é unha das principais institucións financeiras do mercado español. Con oficinas en nove países máis (Alemaña, Brasil, Francia, Gran Bretaña, México, Panamá, Portugal, Suíza e Venezuela), aposta por un modelo de servizo que concilia o mellor da banca tradicional cos atributos dun banco de última xeración que aposta pola calidade, a confiabilidade, a responsabilidade e a innovación como os seus valores primordiais. Esta entidade colabora asiduamente con entidades, organismos e axentes sociais do tecido cultural e empresarial de todo territorio nacional na promoción, difusión e apoio ao coñecemento, á investigación, á cultura e á arte nas súas máis diversas facetas.

ABANCA mantén e desenvolve unha importante actividade económica na Comunidade Autónoma de Galicia a través dos seus distintos centros nela situados, e recoñece a importancia da difusión cultural entre a cidadanía galega, e aposta por exercer un papel relevante no enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía a través de numerosas actividades culturais que se realizan ao longo da xeografía galega.

3. Que **AFUNDACIÓN** foi constituída consonte á escritura outorgada o día, ante o Notario do Ilustre Colexio de, don, co número do seu protocolo, como organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución. AFUNDACIÓN foi clasificada de intereses social e de fomento da economía produtiva de Galicia, por Orde

da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de decembro de 2013, (DOG do 18 de decembro), e declarada de interese galego por Resolución da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda (DOG de 19 de decembro).

Entre os fins específicos de AFUNDACIÓN consonte aos seus actuais Estatutos, elevados a público o día, encóntranse actuacións relativas á educación en todos os seus niveis, e ao apoio á cultura e ao deporte base. AFUNDACIÓN mantén e desenvolve unha importante actividade na Comunidade Autónoma de Galicia, e aposta por exercer un papel relevante no enriquecemento/aprendizaxe cultural da cidadanía a través de numerosas actividades culturais que se realizan ao longo da xeografía galega.

4. Que a FUNDACION CIDADE DA CULTURA, ABANCA e AFUNDACION son promotores da exposición **"Galicia Universal. A arte galega nas Coleccións ABANCA e AFUNDACIÓN"**, que permanecerá aberta ao público do 16 de marzo ao 14 de outubro de 2018 no Museo Centro Gaiás.

A selección conta cun importante grupo de obras artísticas conformadas por pintura na súa meirande parte, pero tamén con escolma de escultura, fotografía e instalacións, busca evidenciar, desde as coleccións, o desenvolvemento da imaxe pictórica e escultórica galega da primeira metade do século XIX até comezos do século XXI, entendendo este fenómeno enmarcado no seu contexto nacional, mais tamén como un anaco da tradición cultural europea producida nun país que posúe unha singularidade histórica marcada, dentro da que se proxectan as grandes correntes artísticas da Europa Occidental.

As coleccións de arte galega de ABANCA e AFUNDACIÓN reflicten á perfección os dous factores que marcaron a construción dunha escola de pintura galega desde o século XIX: "identidade" e "universalidade". Por medio destes conceptos aludimos a dous elementos sobranceiros para entendermos a nosa arte: a historia da cultura galega e mais a súa ligazón co contexto internacional.

A presentación visual e a montaxe da mostra *Galicia Universal. A arte galega nas coleccións ABANCA e AFUNDACIÓN* pretende desenvolver estas ideas ao longo de dez seccións, articuladas de forma mixta, atendendo ao temático e ao cronolóxico mais sobre todo prestando atención aos procesos de desenvolvemento estético e a súa inserción no "espazo cultural" galego.

Enténdese o diálogo entre as coleccións como un argumento que permite establecer unha relación didáctica e reflexiva coas obras e en diálogo cunha multiplicidade de referencias.

Desde estes presupostos o mesmo concepto e punto de partida do sentido das coleccións debe conformar unha postura de diálogo coas diferentes creacións, en que as afinidades de todo tipo teñen un papel relevante, actuando como axentes creativos que permiten que as obras dialoguen entre si, o que posibilita e facilita o xurdimento dunha grande diversidade de lecturas.

5. Que FUNDACION CIDADE DA CULTURA, ABANCA e AFUNDACION desexan que a exposición poida ser exposta ao público no Museo Centro Gaiás da Cidade da Cultura de Galicia entre o 16 de marzo e o 14 de outubro de 2018, difundindo así o importante legado cultural que atesouran as coleccións de ABANCA e AFUNDACION.

En virtude do anterior, as partes manifestan a súa vontade de asinar o presente convenio de colaboración que se rexerá con arranxo ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. - Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración de FUNDACION CIDADE DA CULTURA, ABANCA e AFUNDACION, para promover a organización da exposición “**Galicia Universal. A arte galega nas Coleccións ABANCA e AFUNDACIÓN**”, que permanecerá aberta ao público do 16 de marzo ao 14 de outubro de 2018 no Museo Centro Gaiás.

O detallado de obra pertencente ás Coleccións de arte de ABANCA e AFUNDACIÓN que configuran a exposición, será determinado de común acordo polas tres partes.

Segunda. – Compromisos das partes.

Para realizar a colaboración obxecto do presente convenio, a **FUNDACION CIDADE DA CULTURA** asume os seguintes compromisos:

- a) Achega de maneira gratuíta dos espazos expositivos no Museo Centro Gaiás para exhibir a mostra, asumindo os custos de seguridade, limpeza e mantemento dos espazos durante o tempo establecido para a mesma. O Museo Centro Gaiás conta coas condicións medioambientais óptimas para a conservación das obras; non obstante o anterior, as partes consensuarán ditas condicións a efectos de conservación das mesmas.
- b) Asesorar e colaborar na creación do proxecto expositivo e na montaxe e desmontaxe da exposición, para o que xestionará e asumirá os custos derivados da contratación do equipo de montaxe e desmontaxe. Igualmente elaborará un argumentario da mostra, do que se lle dará traslado a ABANCA e AFUNDACION.
- c) Xestión e asunción dos custos derivados do transporte das obras, desde a súa recollida no lugar de orixe das obras, ata o Museo Centro Gaiás (Santiago de Compostela), e a súa posterior devolución. Inclúen os traballos, tanto na concentración como na dispersión, de;
 - Fabricación de embalaxes.
 - Embalaxe e recollida das obras nos lugares de orixe indicados polos prestadores.
 - Transporte, entrega, recepción das obras no Museo Centro Gaiás, almacenamento das obras no depósito asignado ao efecto, distribución das obras á sala correspondente e ubicación establecida, así como desembalaxe das obras e retirada de envoltorios, conservando en cada caso os embalaxes e a protección.
 - Montaxe da obra na súa ubicación definitiva dentro da exposición.
- d) Xestión e asunción dos custes derivados da contratación da coordinación xeral da mostra.
- e) Elaboración e asunción dos custos, dunha proposta de Plan de Comunicación e Difusión, que se trasladará á ABANCA e AFUNDACION.

- f) Presentación dun Plan de Actividades, nos que se detallen as visitas comentadas, didácticas, realización de xornadas relativas á exposición, actividades a realizar e días sinalados tales como o Día dos Museos,
- g) Coordinación con ABANCA e AFUNDACION na elaboración das bases de datos de convidados á inauguración da exposición.
- h) Xestión e elaboración das traducións dos textos a empregar na exposición.
- i) Xestión e asunción dos custos derivados da maquetación e produción da gráfica da montaxe e da gráfica de difusión trilingüe (castelán-galego-inglés).
- j) En caso necesario, xestión e asunción dos custos derivados de adquisición e/ou adaptación ou acondicionamento de vitrinas e/ou mobiliario nas que se acomodarán as obras, así como o material de iluminación existente.
- k) Deseño e produción ao seu cargo dos materiais de difusión, como invitacións, información para prensa e web, material audiovisual, etc., así como os que, no seu caso, se deriven da exhibición da exposición.
- l) Organización e asunción dos custos derivados da inauguración da mostra, de ser necesario.
- m) Compromiso de incluír e difundir a colaboración de ABANCA e AFUNDACION en todo o material divulgativo e publicitario que edite, así como posibles entidades colaboradoras e/ou patrocinadoras, nos termos previstos na cláusula cuarta do presente convenio, facendo constar expresamente que os fondos pertencen ás Coleccións de Arte de ABANCA e AFUNDACIÓN.
- n) Elaboración, coordinación, produción e asunción dos custos do catálogo da exposición, así como a xestión e pago dos dereitos de explotación da propiedade intelectual necesarios para a súa publicación. FUNDACION CIDADE DA CULTURA entregará a ABANCA e AFUNDACION un número de catálogos de 100 exemplares por cada institución.

Para realizar a colaboración obxecto do presente convenio, a **ABANCA** asume os seguintes compromisos:

- a) Asunción dos custos derivados da contratación do seguro «cravo a cravo» con cobertura fronte a danos provocados ás obras da súa Colección, todo o tempo que dure a exposición das mesmas no Museo Centro Gaiás, segundo os valores que se facilitan na listaxe de obra.
- b) Facilitar todo o listado de obra relativa á súa Colección e todos os datos de medidas, conservación e manipulación, necesarios para a súa montaxe expositiva
- c) Facilitar as fotografías das obras procedentes da súa colección, para a súa inclusión no catálogo e utilización na divulgación, que serán aportadas sen custe para a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA pola propietaria da colección.
- d) Presentar unha planificación de accións de comunicación desenvolvidas por ABANCA (en colaboración coa FUNDACION) que reforce o Plan de Comunicación da exposición e asumir o custe destas accións.

Para realizar a colaboración obxecto do presente convenio, a **AFUNDACIÓN** asume os seguintes compromisos:

- a) Asunción dos custos derivados da contratación do seguro «cravo a cravo» con cobertura fronte a danos provocados ás obras da súa Colección, tanto durante a exhibición das mesmas, como durante o transporte, montaxe e desmonte das ditas obras para exhibir no Museo Centro Gaiás, segundo os valores que se facilitan na listaxe de obra.
- b) Facilitar todo o listado de obra relativa á súa Colección e todos os datos de medidas, conservación e manipulación, necesarios para a súa montaxe expositiva.
- c) Facilitar as fotografías das obras procedentes da súa colección, para a súa inclusión no catálogo e utilización na divulgación, que serán aportadas sen custe para a FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA pola propietaria da colección.
- d) Presentar unha planificación de accións de comunicación desenvolvidas por AFUNDACIÓN (en colaboración con ABANCA) que reforce o Plan de Comunicación da exposición e asumir o custe destas accións.

Terceira.- Garantía de confidencialidade e protección de datos.

As partes comprométense, no marco do presente convenio, a garantir todas as medidas necesarias ao obxecto de asegurar a confidencialidade dos datos e información relacionados co contido do mesmo e a que o tratamento automatizado de datos de carácter persoal que puidese ser necesario realizar como consecuencia das accións desempeñadas rexerase conforme ao establecido na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e toda a normativa de desenvolvemento da mesma.

Cuarta. – Difusión da colaboración

FUNDACION CIDADE DA CULTURA, ABANCA e AFUNDACION comprométense reciprocamente a incluír e difundir a presente colaboración en todo o material divulgativo e publicitario que editen, en calquera soporte, con motivo da colaboración prevista na cláusula primeira do presente convenio.

Todas as partes recoñécense o dereito para realizar ao seu cargo campañas de publicidade propias e a difundir pola súa conta, e a través dos medios que teñan por conveniente, a súa achega á colaboración.

A efectos do previsto na presente cláusula, as partes proporcionaranse mutuamente os modelos de marcas ou logotipos que deban ser difundidos, e axustaranse en todo caso, calquera que sexa o material no que se insiran, aos deseños facilitados que non poderán modificar nin alterar de ningunha maneira sen o consentimento previo da outra parte. Do mesmo xeito, os deseños dos diferentes materiais deberán contar coa aprobación das partes.

A utilización de materiais gráficos ou de imaxe vinculados á colaboración limitase exclusivamente aos fins da presente colaboración sen que iso supoña a concesión a favor de ningunha das partes, de ningún dereito, sexa da natureza que sexa, sobre o logotipo nin sobre a marca da contraparte, e realizarse de acordo coas correspondentes normas gráficas de cada unha das partes.

En calquera caso, as partes recoñecen á FUNDACION CIDADE DA CULTURA a posibilidade de concertar correspondentes acordos de colaboración con outras entidades que

sufraguen custos asociados ao proxecto expositivo, facendo mención da citada colaboración nos comunicados e materiais de difusión da exposición aquí tratada.

Quinta. – Financiamento

Cada unha das partes financiarán os gastos derivados dos compromisos asumidos na cláusula segunda, con cargo aos seus orzamentos e a través dos seus propios medios e recursos materiais e humanos.

Sexta. – Tributos

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que sexan do seu cargo segundo a Lei.

Sétima. – Seguimento e control

O seguimento da execución do establecido no presente convenio realizarase mediante o intercambio da información entre as partes e a elaboración de informes de avaliación e de valoración dos resultados.

Cada parte designará ao responsable do seguimento do presente convenio.

Oitava. - Modificacións do convenio.

O presente convenio constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación do mesmo deberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas as partes.

Novena.- Vixencia e causas de resolución

O presente acordo entrará en vigor a partir da data da firma, e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigacións que asumen as partes no mesmo, clausura da exposición e a súa devolución a localización orixinal de ambas coleccións.

Non cabe prórroga nin expresa nin tácita do convenio. Non obstante o anterior, o presente convenio poderá extinguirse en calquera momento por denuncia expresa de calquera das partes cun preaviso mínimo dun mes á data en que se desexa dalo por resolto.

Así mesmo, as partes poderán rescindir este convenio no caso de que unha delas incumpra as súas obrigacións e abstéñase de reparar o devandito incumprimento dentro dos quince (15) días seguintes ao aviso, notificación ou solicitude que a outra parte fágalle no sentido que proceda a cumprir a obrigación motivo do requirimento. No seu caso, a parte incumpridora haberá de reparar os eventuais danos e prexuízos que por tal motivo houber causado á outra parte.

A resolución anticipada do presente acordo non afectará as actividades en curso.

Décima. - Publicidade

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Décimo primeira.- Natureza xurídica do convenio e xurisdición aplicable

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4. O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

Conforme ao previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio incluírase no Rexistro de convenios da Xunta de Galicia a que se refire o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade.

E para que así conste e aos efectos oportunos, as partes subscriben o presente acordo, en sinal da súa conformidade con este, por triplicado e conservando cada parte un exemplar, en lugar e data ut supra.

Por Fundación Cidade da Cultura
de Galicia

Por ABANCA Corporación Bancaria, S.A. e por
Fundación Galicia Obra Social

D^a. Ana Isabel Vázquez Reboredo

D.